



Innova
FP Galicia

Título

Módulo bioclimático experimental "A Vieira"

Familia profesional

Edificación e Obra Civil.

Centro educativo

CIFP Someso da Coruña.

Obxectivos

- 1- Coñecer as vantaxes da construción con palla, a cubrición verde e os recubrimentos de barro.
- 2- Salientar o bo comportamento térmico e higrométrico ao longo do ano, o que fai innecesarias instalacións permanentes de calefacción ou aire acondicionado.
- 3- Destacar o moi baixo impacto ambiental dos materiais (madeira, palla, barro e cuncha de mexillón), así como da instalación solar fotovoltaica e a iluminación de moi baixo consumo.
- 4- Valorar a importancia do deseño bioclimático e dunha correcta orientación.

Síntese do proxecto

Mostra do proceso de creación e configuración do módulo bioclimático experimental "A Vieira" como un recurso didáctico en bioconstrución. Este módulo, realizado polo equipo multidisciplinar Bioconstrución Someso con materiais de baixo impacto ambiental como a palla, o barro e a cuncha do mexillón, permite o achegamento aos principais conceptos da arquitectura bioclimática.

Participantes

Profesorado e alumnado do CIFP Someso. Coordinador: Juan Bello Llorente.

Premios obtidos

Premiado polo Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte, na convocatoria de 2011 de proxectos de innovación na formación profesional.

Máis información

cifp.someso@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/fp



Innova
FP Galicia

Título

Construción con palla e acabamentos superficiais

Familia profesional

Edificación e Obra Civil.

Centro educativo

CIFP Someso da Coruña.

Obxectivos

1- Coñecer os procedementos máis axeitados para un proceso de prefabricación dun sistema modular para a construción con palla, empregando ferramentas específicas.

2- Estudar as técnicas máis axeitadas para os acabamentos superficiais na construción con palla.

Síntese do proxecto

Recebos con barro e con cal aérea a través dun módulo prefabricado formado por un marco de madeira no que se introducen a presión as balas de palla e se recubre por unha cara con morteiro de cal en pasta e pola outra con morteiro de arxila.

Participantes

Profesorado e alumnado do CIFP Someso.

Coordinador: Juan Bello Llorente.

Máis información

cifpsomeso@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/fp



Innova
FP Galicia

Título

Solucións enerxéticas e de climatización natural na bioconstrución

Familia profesional

Edificación e Obra Civil.

Centro educativo

CIFP Someso da Coruña.

Obxectivos

- 1- Amosar a prolongación da vida da impermeabilización, xa que o substrato e a vexetación ofrecen protección ás agresións físicas do contorno.
- 2- Salientar o incremento do illamento acústico e térmico, mellorando as condicións de climatización.
- 3- Valorar os beneficios urbanos: redución do efecto illa de calor, retendo as augas pluviais e previndo inundacións; redución da contaminación e retención de po; incremento da biodiversidade e mellora da paisaxe urbana.

Síntese do proxecto

Maqueta analítica da cubrición verde do módulo bioclimático "A Vieira", que permite estudar as capas, a vexetación e os substratos empregados.

Participantes

Profesorado e alumnado do CIFP Someso. Coordinador: Juan Bello Llorente.

Premios obtidos

Premio de Innovación na FP (convocatoria de 2014). Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Entidades colaboradoras

Canlade, SL.

CFEA de Guísamo.

Triada Ecoloxía. Desenvolvemento e acción sociocultural.

Máis información

cifp.someso@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/fp



Innova
FP Galicia

Título

Fornos e cociñas solares como recursos didácticos para a aprendizaxe da enerxía solar

Familia profesional

Edificación e Obra Civil.

Centro educativo

CIFP Someso da Coruña.

Obxectivo

1- Dar a coñecer as vantaxes do emprego de fornos e cociñas solares de baixo custo, e da súa aplicación como maqueta de investigación bioclimática.

Síntese do proxecto

Explicación das características dos fornos e as cociñas solares, e as aplicacións a nivel doméstico e, nomeadamente, a nivel formativo en economía de recursos, eficiencia enerxética, enerxías renovables ou construción bioclimática.

Participantes

Profesorado e alumnado do CIFP Someso. Coordinador: Juan Bello Llorente.

Premios obtidos

Premio á Innovación Educativa en Enerxías Renovables en Galicia.

Máis información

cifp.someso@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/fp